

ORDENANZA FISCAL I4

Reguladora do Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras.

Artigo 1. Fundamento legal

De conformidade co disposto no artigo 100 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que refunde o texto da lei reguladora das Facendas Locais, establecese o Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras.

Artigo 2. Natureza e feito imponible

O Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto no que o seu feito imponible está constituido pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construcción, instalación, ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licencia de obras urbanística, obterase ou non dita licencia, sempre que a súa expedición corresponda ó Concello da imposición.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos deste Imposto a título de contribuinte.
 - a) As persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refiere o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, propietarios dos inmóbiles sobre os que se realicen as construccións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras.
 - b) Quen ostente a condición do dono da obra nos demás casos.
2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos sustitutos do contribuinte quen soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construccións, instalacións ou obras, se non foran os propios contribuintes

Artigo 4. Base imponible, cota e dereito á percepción

1. A base imponible do Imposto está constituida polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra.
2. A cota deste Imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
3. O tipo de gravame será de dúas unidades corenta centésimas de unidade por cento (2'4 por 100)
4. Establécense como cotas mínimas as seguintes:

Por obras de nova pranta 94,45 Euros
Por obras menores de reforma ou reparación 47,22 Euros
Por construción de muros de peche no casco urbano, por cada metro liñal, e un mínimo de 20 metros 1,46 Euros

Por construción de muros de peche na zona rural, por cada metro liñal, e un mínimo de 20 metros 0,74 Euros

Estas cotas mínimas serán de aplicación cando as cotas resultantes de acordo co apartado terceiro deste artigo sexan inferiores ás fixadas como mínimas. Tales cotas mínimas non serán de aplicación, non obstante, ás obras de pintura de fachadas no casco antigo delimitado polo Plan Xeral.

5. Terase dereito a pericibi-lo imposto no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correpondente licencia.

Artigo 5. Xestión

1. Esixirase o depósito previo do importe da cota tributaria do imposto, polo que o tempo de presentación da solicitude de licencia ou autorización deberá acreditarse a constitución na Tesourería Municipal de tal depósito.
2. Cando se conceda a licencia preceptiva practicarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do presupuesto presentado polos interesados, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente. Noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais de acordo ó custo estimado do proxecto. A estos efectos o Concello Pleno ou a Xunta de Goberno Local poderá dictar directrices en canto a baremos, custo e criterios a seguir.
3. Á vista das construccíons, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible a que se refire o apartado anterior practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda. Será de aplicación á comprobación de valores, canto establece o artigo 9º.3 da Ordenanza fiscal T10, reguladora da taxa por tramitación de licencias urbanísticas.

Artigo 6. Recadación en vía executiva

1. As cotas liquidadas e non satisfeitas dentro do período voluntario faránre efectivas pola vía de constrinximento, de acordo ás normas do Regulamento Xeral de Recadación
2. As liquidacións notificaránse os suxeitos pasivos con expresión dos requisitos previstos no artigo 124 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 7. Partidas fallidas

Consideraranse partidas fallidas ou créditos incobrables a aquelas cotas que non se fixeran efectivas polo procedemento de constrinximento, para a declaración da cal se formalizará o oportuno expediente, de acordo co previsto no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 8. Infracciós e sanciós

En todo o relativo a cualificación de infracciós tributarias, así como as sanciós que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Ley Xeral Tributaria, conforme se ordena no artigo 12 da Ley 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

Artigo 9. Bonificaciós

1. Establécense unhas bonificaciós do 25, 40 ou 55 % da cota do Imposto de Construccións, Instalacións e Obras a favor das construccións, instalacións ou obras que se desenvolvan no casco antigo de Ribadeo no ámbito da Area de Rehabilitación do casco histórico da Vila de Ribadeo delimitado no Plano adxunto á resolución da Consellería de Política Territorial,Obras Públicas e Vivenda , toda vez que se considera que esas actuacións, unha vez concedida axuda polo Concello para as mesmas, revisten o carácter de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifican, conxunta ou illadamente, tal declaración, que será acordada a petición do suxeito pasivo polo Pleno da Corporación por maioría simple dos membros da mesma.
2. Deduccións.-Establécese así mesmo como deducción da cota íntegra do Imposto o importe satisfeito ou que deba satisfacer o suxeito pasivo en concepto de Taxa polo outorgamento da Licencia Urbanística correspondente á construcción, instalación ou obra de que se trate e na que concorrera a declaración de especial interese ou utilidade municipal, pola mesma porcentaxe.
3. A bonificación e a deducción establecidas nos anteriores parágrafos serán de aplicación, de ser procedentes, tanto ás liquidacións provisionais coma definitivas do Imposto.
4. Establécese que existirá dereito á bonificación e deducción, previa a tramitación establecida, para as construccións, instalacións e obras que reúnan as seguintes circunstancias:

- a) As actuacións de rehabilitación acollidas á area de rehabilitación do casco histórico da Vila de Ribadeo segundo o antecitado Plano adxunto á resolución da C.P.T.O.P. e V., considerando que as mesmas, unha vez aprobada-las axudas, presentan un especial interese ou utilidade municipal pola concorrencia de modo conxunto ou illadamente de circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, correspondendo á Oficina Municipal de Rehabilitación, coa elaboración do proxecto de que se trate no que deberá de xustificarse o carácter e as circunstancias antes citadas.
- b) As correspondentes ás iniciativas locais de emprego, declaradas como tales por esta Entidade segundo a lexislación aplicable ou proxectos empresariais participados ou fomentados dende esta Entidade Local.

O procedemento de concesión da bonificación e no seu caso a deducción, iniciarase de oficio ou por solicitude do interesado á que deberá acompañar xustificación emitida pola Oficina de Rehabilitación, no que atinxe ás actuacións no casco histórico de Ribadeo acreditativa de que a actuación é obxecto de axuda; para as iniciativas locais de emprego deberá acreditarse mediante informe do Técnico de Emprego Local a concorrencia nas construccóns, instalacións ou obras das circunstancias de especial interese ou utilidade municipal derivadas das circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou do fomento do emprego que se aleguen, para a ILE que se pretenda apoiar.

A solicitude do suxeito pasivo, coa incorporación no seu caso dos informes procedentes técnico e xurídico, de ser procedentes, pasará ó Pleno da Corporación que por maioría simple dos seus membros acordará a concesión ou denegación da bonificación solicitada e no seu caso da deducción sobre a cota bonificada, ponderando a totalidade das circunstancias concorrentes na petición efectuada e que esta reúna illada ou conxuntamente as circunstancias a que se fixo referencia, a cal oportunidade e fundamento serán de apreciación polo Pleno Corporativo.

Nembargantes por razóns de urxencia debidamente motivadas poderá resolverse a concesión por resolución da Alcaldía ou acordo da Comisión de Goberno que deberá ser obxecto de coñecemento e ratificación polo Pleno municipal.

O acordo municipal declarando o especial interese ou utilidade social da construcción, instalación ou obra implicará a expedición dunha nova liquidación polos servicios municipais coa aplicación da bonificación do 25, 40 ou 55% á liquidación de que se trate, así coma no seu caso a deducción da cota íntegra do imposto do importe satisfeito ou que se deba satisfacer en concepto de taxa por licencia urbanística.

5. Establecese unha bonificación do 10% a favor das construccóns, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan

colectores que disponían da correspondente homologación da Administración competente.

Está bonificación ten carácter rogado, previa acreditación do cumplimiento das condicións establecidas para a súa aplicación.

As anteriores bonificacións non se aplicarán simultáneamente.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente ordenanza foi modificada no seu artigo 4 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicado definitivamente no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: a presente ordenanza foi modificada no seu artigo 4 por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011 e publicado definitivamente no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011.